



protexta

Revista de libros
TEMPOS Novos

Juan Gelman

*Non concibo a resistencia
se non é popular* páx. 8

14
PRIMAVERA 10

Novoneyra
“O ano do lobo”
páx. 2-3

Teresa Mouré e
A Intervención
páx. 4

Sarah Kane,
Obra dramática
completa
páx. 6

Juan Gelman
páx. 8-9

Didi-Huberman
“Imaxes
no diván”
páx. 19

Conversa
Mónica Bar e
Nanina Santos
páx. 12-13

Nin mártires
nin visionarios
páx. 24

O proxecto
testemuñal
de Edicíos
do Castro
páx. 27

“Avó das
poulas” por
Xabier Xil
Xardón
páx. 28

Juan Gelman

«Un poema non fai que ocorra nada no campo político ou social»

Escoitamos a Juan Gelman (Buenos Aires, 1930) e o exilio, a morte e a poesía como linguaxe calcinada percorreron a súa palabra. Tal vez sexa a perda o nó que amalloa a súa escrita. Percibímolo así mesmo cando, ao lembrar as inquietudes comúns con José Ángel Valente, aludiu á mística e a *Comentarios*, libro en que dialogaba con Santa Teresa e San Juan e asemade con autores de tangos, aos que cualificou de grandes metafísicos: "a muller abandona o home e este salouca, pero penso que as que se tratan no fondo son outras perdidas". // Ana Salgado // Fotos: Tamara de la Fuente

Mediado abril estivo connosco o poeta Juan Gelman. Veu para recibir da man da Asociación de Escritores en Língua Galega o recoñecemento como Escritor Galego Universal, tamén para presentar unha reedición da súa obra *Bajo la lluvia ajena (notas al pie de una derrota)* (1983) que Libros del Zorro Rojo tirou, agora co acompañamento dunha serie de augaforxes realizada polo artista plástico arxentino Carlos Alonso no exilio compartido, onde nunca se cruzaron. "É curioso porque os dous estábamos facendo cousas moi emparentadas pola ditadura militar e a represión". Nunha ollada sobre esta obra na que domina a prosa, o autor conta que "pasaron muitos anos e a rabia, a furia e a dor que os inspirou xa non ten esa forza. Malia tratarse de recordos dunha época en que nos botaron do país".

Aludindo ao desprazamento que vive nos libros comenzou Gelman a súa conferencia na Academia Galega que principiaba o ciclo "Literatura e viaxe", e que contou ademais nos meses de abril e maio coa palabra de Miguel Anxo Murado, Hélia Correia, Alberto Manguel e Xabier P. Do Campo. "A viaxe que trae a lectura dun libro é magnífica porque descubrimos territorios que ignoramos ter dentro de nós, e por iso mesmo non tiñamos". O escritor Cesáreo Sánchez Iglesias seguiría a presentalo o texto que abre *Bajo la lluvia ajena* para lembrar "o ferrolán Antonio Souto, de fermosos ollos claros" dirixindo o erguemento obreiro da Patagonia, "mans con mans, loitando pola dignidade do home, pola liberdade". Así fal –dixo– o poeta Juan Gelman coa súa altísima palabra poética. Ler a Juan Gelman é un privilexio e unha responsabilidade.

AS VALIXAS DA ALMA

Pero foi a viaxe imposta a que percorreu boa parte da súa palabra, desde os datos da Organización Internacional do Traballo que dín que "case un 10% da poboación mundial tivo que abandonar o seu país na procura de comida e dun lugar en que poder vivir con certa dignidade" até o seu exilio. E destas á madrugada do 24 de marzo de 1976, no recordo o inicio da represión da ditadura militar: "Desde as catro da maná estaban xa os tanques rodeando as fábricas de gran Buenos Aires para aliviarse de obreiros moles-

tos, que desapareceron para sempre". Isto, prosegue o escritor, "creou unha ferida moi profunda na sociedade arxentina". "Apenas estamos saíndo", considera. E vai da historia do seu país á persoal: "Recuperáronse restosalgúnsdesaparecidos, entre eles os do meu fillo". O sentido de certa tranquilidade por podelo enterrar e ter un lugar de recodo é qualificado polo poeta que escribiría "te destrabajo de la muerte como/ puedo/" no libro que lle dedicou en 1980, *Carta abierta*, como "unha forma de integralo á súa historia e á historia do país".

Cando, seguindo este fío, preguntamos sobre as fendas comúns dos diferentes exilios entende que "o sentimento, dependendo se foi por fame ou por unha ditadura militar, non ten por que ser o mesmo, pero si van ser primos irmáns, viaxes dolorosas". Lembra así o traballo da comunidade galega e dos seus descendentes na Arxentina e escoille dous nomes, Luís Seoane e o gran poeta Rodolfo Alonso". A estes fanseles sumar, no texto que leu en Compostela, no acto en que se lle entregou o premio da AELG, Castelao, Dieste, Lorenzo Varela, "o pintor Leopoldo Nôvoa, os editores Francisco Porrúa e Arturo Cuadrado, o bailarín Joaquín Pérez Fernández, o actor Ignacio Quirós, o mestre gaiteiro Xesús Pérez Longarela" canda os traballadores anónimos "artesáns, obreiros, campesiños, intelectuais" que colaboraron na creación de "setecientos centros culturais, hospitalarios, sociais e mutualistas no país". E ha ser esta a liña que explica que, se pescudamos hoxe polo espazo en que coloca a resistencia, afirme que se esta "non é popular non é resistencia".

Nese mesmo serán o presidente da Academia, Xosé Luís Méndez Ferrín, transmitielle a Gelman o pedimento de Xoán Anlló para que recitase algúns dos tres cantos populares da súa autoría, recuperados no número 79 d'A Trabe de Ouro, en que o poeta loa o polbo cocinado en caldeira de cobre que compartiron en Xenebra. Dúas delas, situadas por Ferrín no ton "popular e ao mesmo tempo neobarroco", nun lugar "diferente ao rexistro admirábel, ao empaque formal e ao corazón aberto e conmovente do seu poema", puxeron fin a unha intervención do autor de *Los poemas de José Gálvez* que abalou da dor á celebración da vida.

SALTABAN DA NOITE PARA IREN AO COMBATE

Escribiu Gelman ben veces que o contrario do esquecemento non era na Atenas clásica a memoria, senón a verdade e a xustiza que desta podía partir. Sobre os medios para chegar a elas, salienta o papel das organizacións de desaparecidos que lograron quedar con vida, de familiares de asasinados, mais tamén "o silencio de chumbo dos militares, co que seguen prolongando a súa impunitude". Con cifras: "Polo de agora houbo arredor dos mil xulzos e no cárcere por volta de trescentos militares". Ante a pregunta de até cando esta lotta, é contundente –"até que remate"– mais tamén consciente dos atracos: "Cando se foron os militares, o institucional non se modificou, seguiron no aparello xudicial señores que debían a súa carreira á ditadura militar ou que foran cómplices dela. Isto verifícase nas dificultades que poñen para que os xulzos avancen; é un traballo arduo".

Así e todo, menciona como característica particular do labor que se está a facer en Arxentina co pasado da ditadura militar o feito de que "ningún colleu a xustiza polo man" e interprétao como signo da confianza da sociedade nas institucións, a pesar do silenciamiento: "Neste momento realizanse xulzos, condénanse a militares polos seus asasinatos, e moitos medios importantes non din unha palabra porque é neses procesos orais onde aparece o testemuño das vítimas, que algunha xente ainda quere ignorar". O horror que percorre os seus versos desde *Hechos* (1980) volta máis unha vez á súa palabra: "Creo que unha sociedade que non pon á luz o ocorrido no seu pasado, sexa próximo ou non, non ten a posibilidade de construír unha memoria clívica sa con vistas ao futuro".

Canto ao seu outro oficio, di Gelman que continua sendo columnista nun periódico arxentino e nunha cadea de once xornais de México, onde vive desde 1998. "A poesía pódese abandonar a un pero o xornalismo non", conta o escritor que aborda hoxe fundamentalmente "política internacional", algo que sempre lle interesou pero ao que voltou unha ollada más atenta "desde o que pasou o 11 de setembro". "E porque me parece que estamos bordeando a posibilidade dunha catástrofe nuclear", apunta. A "incultura ambiental" é outra das preocupacións do articolista: "Estamos



nun mundo gris e sombrío. Guerras, paro, morte por fame e enfermidades curábeis. A vida segue sendo fermosa, o malo é o mundo".

A CINSA DO QUE NON SE PUÍDO NOMEAR
É a súa unha poética para a que o discurso crítico coloca trazos como o formalismo da lingüaxe ou a vontade da sinxeleza, pero tamén fronte a isto as súas palabras dan unha volta: "Os poemas non son tan claros. Os árabes dicían antigamente que o poeta era unha caste de escravo habitado por un diabo que lle pegaba todas as noites e que o obrigaba a escribir. Este ás veces quere que un fale de manelra clara, outras de manelra escura, son cousas do diabo, eh! Non do poeta".

"Unha árbore sen follas que dá sombra". Este verso dunha copia anónima escoitada nunha zona apegada aos Andes arxentinos serviu a Juan Gelman para titular a súa intervención no acto de entrega do recoñecemento como Escritor Galego Universal e mals para fixar unha comparación coa poesía. Entre as múltiples que escollamos "o intento de apurar a deus para que fale" ou "a sombra da memoria". Tamén, de Emily Dickinson, lembrou: "se leo un libro e me deixa o corpo tan frío que sel que non vai haber lume que me polda quentar, iso é a poesía". Á pregunta de Hölderlin, "para que poetas en tempos miserábeis?", sobrepuxo feito de questionarse "por que a poesía atravesou todos os tempos, as pestes, as guerras, as catástrofes natu-

rals e as causadas polo home". Entre as moitas imaxes evocadas, trouxo tamén "a palabra calcinada na que ainda palpitan cínsas do que non se pudo nomear". Julio Cortázar situara no limiar ao volume en francés que xunta os libros de Gelman *Relaciones, Hechos e Notas*, asinado en París en 1981, a realidade do poema como "exacta e literalmente a realidade do horror, da morte e tamén a esperanza na Arxentina dos nosos días". Se hoxe lle preguntamos a Juan Gelman como coloca o seu texto fronte á realidade do horror dinos que "nun poema non sucede nada nin fal suceder nada desde o punto de vista dos acontecimentos políticos ou sociais", que "a única esperanza é que os poemas Enriquezan os seus lectores" "Parécenme que non é pouco", engade.

NAS RAÍCES DA DOR

Probablemente a figura de Juan Gelman pasará inadvertida a alguén que non o confeza e que se cruce con el na belafrida. O seu corpo, algo desarborado, caminhará rente como un mío dos moitos seres anónimos que conviven connosco, un Xoán Ningüén, como aquel que Gary Cooper encarnaba na película de Frank Capra. Porén, ao saber del, ao sentilo preto, ao nos mirar nos seus ollos, ao compartir os seus silencios, a figura de Juan Gelman acada unha dimensión profundamente humana e impresionante. Daquela non é posible a indiferenza. Quizais é que advertimos no corpo e na alma as cicatrizes dunha dor imposible de soportar; tal vez sexa o pouso que nel foron deixando tantas preguntas sen resposta; acaso porque el, mellor que ningüén, representa a dignidade dun home só contra o horror, a derrota e a infamia. Algo disto percibese na súa voz grave, nos seus xestos concisos, na súa olhadura fundamentalmente triste, no seu sorriso callido, na fortaleza dun ser tantas veces golpeado, que soubo facer da poesía o ceo protector baixo o que seguiu amando.

Porque a palabra amor é esencial na súa vida e na súa obra, tan intimamente unidas, ata o extremo de reconecer que todos os poemas son un acto de amor, de amor e desexo, puntualiza, invocando a René Clair para afirmar que a poesía é amor que queda en desexo e que non se esgota; por iso o poeta continua escribindo.

No seu caso, a poesía foi o fio que lle permitiu manter o vínculo non perdido. O 24 de agosto de 1976, o seu fillo Ariel e a súa nora Claudia, embarazada, eran secuestrados por un comando militar e pasaban a engrosar a lista dos desaparecidos. Os restos do fillo aparecerían anos despois, nun bidón con cal, os da nora ainda non apareceron hoxe. Tras unha longa lucha puido atopar a súa neta, nacida en prisión e entregada a outra familia polos asasinios.

Humedecénselle os ollos cando escolla os seus versos: "Esta noche, Hijo, podés venir"; cando lembra o sucedido hai máis de trinta anos, cando intenta expresar a dor, cando reconece que co tempo un convive mellor con ela, pero que de cando en vez ainda se revela porque, en realidade, o que doe é a derrota.

"A poesía, á arte en xeral, constrúen outra realidade a partir da realidade mesma, son a memoria da realidade transformada en memoria da escrita", afirma, reconhecendo que o poema é o lugar de exilio a salvo de todos os exilios, o lugar da encontrón e liberación; memoria contra a sombra e que foi preciso penetrar ata a raíz da dor e da cólera para poder reflexionar e dícti, para compartir. Parte da súa vida transcorre baixo a chuva allea, titúlo dun libro escrito hai trinta anos en Roma e que agora presenta nunha nova edición na que os seus versos dialogan coa obra do pintor Carlos Alonso, tamén exiliado en Roma polos mesmos días. O exilio continua coas perdidas, dí Gelman, alínda que un regrese ao país, porque son tantos os amigos desaparecidos...

A súa voz poética flúe coma un río, atopando lectores que aprenden os seus versos de memoria, que agásallan os seus libros, que o senten como algo propio. Palabria a súa, a polinizar os territorios da ausencia. Palabria poética como furia de amor que abre os corredores abafantes, palabria da intempérie que nos acolle, corazón ou berce onde o amor dissolve a dor en cartas que non escribira. Porque, palabria de Gelman, dásé o que non se sabe que se dásé, e reconoce, tamén, que o medo é do que está mudo.

"Por qué no me lo dices?", responde cando invocamos os seus versos. "Tomar distancia de la lucha del pueblo, para entenderla mejor o verla mejor", cando lle preguntamos cal é a loita hoxe, cara onde podemos volver a oillarda, que nos quedá, e axiña reconece que estraña o arido do debate, a firmeza na defensa do que un día custo, que se daba na diáspora dos setenta.

Evoca con emoción a José Ángel Valente que o axudou a conseguir traballo como tradutor, con quien mantivo relación de amizade ata o final e a que lembra nunha dedicatoria colectiva no libro *Eso*. Gelman celebra o recoñecemento de Escritor Galego Universal por parte da AELG, o que o fai ser máis arxentino, di con bo humor, admitindo o papel que Galicia xogou na construcción do seu país de nacemento.

Juan Gelman naceu en Buenos Aires en 1930. Na actualidade, de vive en México, país onde atopou o amor e o acougo. // Francisco X. Fernández Naval